

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Corrección de erros.-Orde do 4 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 86 do venres 7 de maio de 2010, é necesario efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 8.094, no punto 3 da base terceira do anexo A, onde di: «3. As contías establecidas nos parágrafos anteriores desta base graduaranse en atención á concorrencia das seguintes circunstancias:», debe dicir: «3. As contías establecidas nos parágrafos anteriores desta base graduaranse acumulativamente en atención á concorrencia das seguintes circunstancias:».

## AUGAS DE GALICIA

*Corrección de erros.-Resolución do 2 de setembro de 2010 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por Augas de Galicia no segundo cuadrimestre de 2010.*

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no DOG nº 182, do martes, 21 de setembro de 2010, cómpre facer as oportunas correccións:

-No anexo, onde di: «...Augas da Bacía do Norte, para a construción...», debe dicir: «...Aguas de la Cuenca del Norte, para a construción...»; e, onde di: «...Augas da Bacía do Norte, S.A. como usuarios...», debe dicir: «...Aguas de la Cuenca del Norte, S.A. como usuarios...».

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 3 de setembro de 2010 pola que se modifica o ficheiro de datos de carácter persoal denominado Xestión Académica e Alumnado.*

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298,

do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 da citada lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse mediante disposición xeral publicada no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) ou diario oficial correspondente, e establece no apartado segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación daqueles.

A Universidade de Santiago de Compostela aprobou a regulación dos seus ficheiros para a súa adecuación á LOPD mediante Resolución do 24 de xuño de 2002 e resolucións posteriores.

A implantación efectiva de novas medidas de seguridade, a realización de novos servizos ou actividades, así como a adaptación o novo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, que desenvolve a Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos, fan aconsellable a modificación do ficheiro creado por Resolución do 24 de xuño de 2002.

Na súa virtude, e co fin de dar cumprimento ao mandato legal do artigo 20 da LOPD, sobre creación ou modificación de ficheiros que conteñan datos de carácter persoal xestionados pola Universidade de Santiago de Compostela, e de lles asegurar aos administrados o exercicio dos seus lexítimos dereitos,

### DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto e motivos da modificación.*

Mediante esta resolución da Universidade de Santiago de Compostela modifícase o ficheiro nº 1 denominado «Xestión Académica e Alumnado» aprobado pola Resolución do 24 de xuño de 2002.

A modificación do ficheiro realízase pola necesaria actualización de ficheiro de datos de carácter persoal ao Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, que desenvolve a Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como pola necesaria adaptación do ficheiro aos cambios detectados desde a súa inscrición.

Artigo 2º.-*Contido.*

A información exixida no artigo 20.2º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, para as disposicións de creación de ficheiros, está contida tamén no anexo desta resolución.

Artigo 3º.-*Finalidade e usos do ficheiro.*

Os datos de carácter persoal incluídos no ficheiro da Universidade de Santiago de Compostela regulado por esta resolución só serán utilizados para os fins expresamente previstos e declarados no anexo e

por disposición legal e polo persoal debidamente autorizado.

**Artigo 4º.-Cesión de datos.**

Os datos só serán cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e os declarados no anexo. No suposto de cesión de datos ás administracións públicas ateranse ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

No caso de cesións dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas haberá que atenderse, ademais, ao disposto na normativa vixente sobre materia estatística.

**Artigo 5º.-Órgano responsable da seguridade dos ficheiros.**

A responsabilidade sobre o ficheiro modificado por esta resolución correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela.

No anexo detállase a dirección ante á cal se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan no ficheiro.

**Artigo 6º.-Nivel de protección e medidas de seguridade.**

O nivel do ficheiro modificado por esta resolución atópase clasificado atendendo ao disposto no artigo 80 e seguintes do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. No anexo aparece a clasificación (nivel básico, medio ou alto) do ficheiro regulado baixo esta resolución.

O titular do órgano responsable deste ficheiro adoptará as medidas técnicas, de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a súa confidencialidade e integridade, e os dereitos e obrigas recoñecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**Artigo 7º.-Dereito de acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos.**

As persoas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos, cando cumplan os requisitos, mediante escrito dirixido á dirección especificada no apartado correspondente.

*Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2010.

Juan José Casares Long  
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

**ANEXO**

**Modificación do ficheiro nº 1 da Universidade de Santiago de Compostela denominado «Xestión académica e alumnado»**

a) Denominación do ficheiro:

Xestión Académica e Alumnado.

b) Descrición da súa finalidade e usos previstos:

Xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica administrativa.

c) Tipificación da finalidade:

Educación; fins estatísticos, históricos ou científicos; procedemento administrativo; outro tipo de finalidade.

d) Tipos de datos, estrutura e organización:

Datos de carácter identificativo: DNI, imaxe/voz; teléfono; número s.s./mutualidade; nome e apelidos; enderezo; sinatura.

Outros datos especialmente protexidos: saúde.

Outros tipos de datos: características persoais; académicos e profesionais; detalles de emprego; económicos, financeiros e de seguros.

Sistema de tratamento: mixto.

e) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

Praza do Obradoiro, s/n.

15782 Santiago de Compostela.

Tel. 881 81 10 09-fax 881 81 12 09.

Correo electrónico: sec.xeral@usc.es

f) Medidas de seguridade:

Nivel alto.

g) Orixe e procedencia dos datos:

O propio interesado ou o seu representante legal; outras persoas físicas; administracións públicas; entidades privadas.

h) Colectivo:

Alumnado universitario.

i) Destinatarios de cesións:

Administracións públicas con competencia na materia; outros órganos da Administración pública.

j) Outros destinatarios de cesións:

Ministerio de Educación; Xunta de Galicia; bancos e entidades colaboradoras; outras universidades.